MARTES **19 NOVEMBRO** 2019 • ANO VII – Nº 207 • Correo – liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# Líder BASKET



ENSINO LUGO 64 79

# IMPARABLES

**O Distribuciones Carreiras San Ciprián** conquistou unha nova praza na Liga Galega cadete masculina tras impoñerse a Ensino noutro derbi Provincial. Os de Manolo Cobas seguen sumando por vitorias todos os encontros e só Estudiantes lles aguanta o pulso

77 65

## Sagrado Corazón

xa é o único equipo invicto na Segunda División cadete masculina tras superar nesta xornada ao Estudiantes 05. Os de Rubén Engroba contan por vitorias os catro partidos disputados e na próxima xornada porán a proba a súa condición de invictos no Novo Chanto ante Oral Design

83 68

## Estudiantes júnior

pechou cunha vitoria ante Sigaltec a semana grande na Liga Galega, tras impoñerse tamén a Ensino na continuación do derbi 60-74. Os celestes suman por vitorias os seis encontros disputados e manteñen o pulso no alto da táboa con Obradoiro Peleteiro

DERBIS PROVINCIAIS



## O Anexo acollerá cinco derbis provinciais a próxima xornada

Estudiantes – Ensino **cadete masculino**
Estudiantes – Celtas **preinfantil masculino**
Estudiantes – Burela **preinfantil feminino**
Maristas – Ribadeo **minibasket masculino**
Estudiantes – Ensino **minibasket feminino**

| ESTUDIANTES 92 | | CORTEGADA 44 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Eva | | Ríos | |
| María | | Fernández | |
| Sabela | | Ángeles | |
| Yashina | | Blanco | |
| Marta F. | | Potel | |
| Silvia | | Barcala | |
| Claudia | | Nieto | |
| Cristina | | Fernán | |
| Nuria | | Serqueila | |
| Laura | | Chaves | |
| Carla | | Renda | |

# Estudiantes camiña con paso firme pola competición

**CLARA VITORIA ANTE CORTEGADA** nun encontro de menos a máis ata rematar dominando con autoridade todas as facetas do xogo. O venres mídense a Bosco

**"NOS QUEDA MUCHO TIEMPO POR DELANTE PARA PODER SEGUIR MEJORANDO DÍA A DÍA HASTA LLEGAR A SER LO MEJORES POSIBLE"**
FERNÁN VARELA - Estudiantes

Terceira vitoria de Estudiantes nos catro encontros disputados na Liga Galega júnior feminina. A última vítima das celestes foi Cortegada, que se presentou no Anexo sen coñecer a vitoria e saíu de Lugo con seis derrotas noutros tantos encontros disputados.

A superioridade das xogadoras de Fernán Varela foi notable desde os primeiros minutos, nos que malia non ter un xogo do todo fluído romperon o marcador ao seu favor moi pronto cun parcial inicial de 21-9.

No segundo Cortegada fíxose notar nos seus mellores minutos sobre a pista, castigando a Estudiantes con rápidas transicións, pero ao descanso chegouse con 38-22 no marcador.

Xa na segunda parte as lucenses dominaron con claridade todas as facetas do xogo, cunha versión máis sólida coa que monopolizaron o encontro con dous parciais de 30-13 e 24-9 para levar o marcador final ata o claro e contundente 92-44.

O venres, Estudiantes viaxa a Ourense para medirse con Bosco Salesianos nun encontro da sétima xornada de Liga.


Eva Córdoba a piques de lanzar baixo o aro


A celeste Cris recibe un balón entrando na pintura


Marta Fernández coa pelota de espaldas a unha rival


María Corredoira lanzando a canastra rodeada de xogadoras de Cortegada

# O Ensino curouse as feridas

**TRAS CAER CON DUREZA ANTE O CELTA,** volveron á senda da vitoria ante un Costa Ártabra que pagou os pratos rotos. As lucenses recuperaron sensacións co paso dos minutos

| ENSINO 89 | | C. ÁRTABRA 51 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Maite | 13 | Arteaga | |
| Carmen | 4 | Rivas | |
| Alba | 9 | Pérez | |
| Matea | 21 | Porto | |
| Natalia G. | 28 | Souto | |
| Catuxa | 2 | Horjales | |
| Laura | 6 | Ferro | |
| Elena | 6 | Permuy | |
| | | Pousa | |

O Durán Maquinaria Ensino volveu á senda da vitoria na Liga Galega júnior feminina trala dolorosa derrota sufrida ante Celta de Vigo o pasado venres. A mellor noticia para o conxunto de Miguel López era que tan só 48 horas despois volvían á competición, e fixérono pechando todas as feridas que deixaran abertas as olívicas.

Ensino fixo borrón e conta nova e rendeu a gran nivel nun partido ante Costa Ártabra en que foron de menos a máis.

No primeiro cuarto o acerto no tiro exterior das visitantes mantívoas no encontro con 4 triplos consecutivos para o 15-15. A partir de aí Matea e Natalia García lideraron o apartado ofensivo para plasmar no resultado o bo traballo defensivo do equipo co que romperon o marcador co paso dos minutos con parciais de 27-15, 19-15 e 28-6 ata chegar ao definitivo 89-51.


Elena tras capturar un rebote ofensivo entre tres rivais



Matea, 21 puntos, lanzando a canastra no Anexo

**"PARTIDO EN EL QUE HEMOS IDO DE MENOS A MÁS CORRIGIENDO ERRORES Y CON UNA BUENA ACTITUD DE TODO EL EQUIPO"**
MIGUEL LÓPEZ - Ensino

## JUNIOR 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. Mariano – B. Coruña | 68-46 |
| Celta – Peleteiro | 67-61 |
| Carmelitas – C. María | --- |
| Rosalia – Bosco | 70-57 |
| Estudiantes – Cortegada | 92-44 |
| Durán Ensino – C. Artabra | 89-51 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA RECALVI | 6 | 6 | 0 | 0 | 467 | 231 |
| ROSALIA | 6 | 5 | 1 | 0 | 422 | 308 |
| PELETEIRO | 6 | 5 | 1 | 0 | 365 | 253 |
| COLEXIO MARIANO | 6 | 5 | 1 | 0 | 371 | 309 |
| **DURAN ENSINO** | **5** | **4** | **1** | **0** | **338** | **258** |
| BOSCO | 6 | 2 | 4 | 0 | 293 | 341 |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **3** | **1** | **0** | **281** | **181** |
| CARMELITAS | 5 | 2 | 3 | 0 | 191 | 249 |
| COMPAÑIA MARIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 237 | 326 |
| CORTEGADA | 6 | 0 | 6 | 0 | 237 | 425 |
| BASQUET CORUÑA | 6 | 0 | 6 | 0 | 293 | 441 |
| KFC C. ARTABRA | 5 | 0 | 5 | 0 | 211 | 384 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - C. Artabra
Cortegada - Durán Ensino
Bosco - Estudiantes
C. María - Rosalia
Peleteiro - Carmelitas
C. Mariano - Celta Recalvi

## JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. Ourense – Culleredo | 50-52 |
| Bosco – Obradoiro | 60-86 |
| CB Tui – B. Ferrol | 100-63 |
| Durán Ensino – CB Allariz | 95-74 |
| B. Amor – Rosalia | 54-72 |
| Estudiantes – Sigaltec | 83-68 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 6 | 6 | 0 | 0 | 500 | 289 |
| **ESTUDIANTES** | **6** | **6** | **0** | **0** | **477** | **370** |
| ROSALIA | 6 | 5 | 1 | 0 | 460 | 380 |
| **DURÁN ENSINO** | **6** | **4** | **2** | **0** | **470** | **398** |
| C.B. TUI MASCATO | 6 | 4 | 2 | 0 | 478 | 445 |
| CB ALLARIZ | 6 | 3 | 3 | 0 | 429 | 421 |
| KFC CULLEREDO | 6 | 3 | 3 | 0 | 323 | 425 |
| SIGALTEC | 6 | 2 | 4 | 0 | 430 | 452 |
| BASKET FERROL | 6 | 2 | 4 | 0 | 358 | 450 |
| BOSCO | 6 | 1 | 5 | 0 | 358 | 449 |
| CLUB OURENSE | 6 | 0 | 6 | 0 | 343 | 439 |
| EDO BLANCO AMOR | 6 | 0 | 6 | 0 | 356 | 464 |

### PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Estudiantes
Rosalia - Sigaltec
CB Allariz - Blanco Amor
B. Ferrol - Durán Ensino
Obradoiro - CB Tui
C. Ourense - Bosco


Adrián a piques de lanzar ante dous xogadores de Sigaltec


Anxo coa pelota trata de superar a presión rival


O celeste Carlos nunha acción de ataque estudiantil

# A semana grande foi para os estudiantís

**TRAS IMPOÑERSE NO DERBI AO ENSINO,** remataron a fin de semana pletóricos cunha nova vitoria ante Sigaltec no Anexo

| ESTUDIANTES 83 | | SIGALTEC 68 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Carlos | | Santorum | |
| Anxo | | Rodríguez | |
| Cabe | | Sabugueiro | |
| Jorge | | Serqueira | |
| Diego | | Padín | |
| Lucas | | Buceta | |
| Adrián | | Rodríguez | |
| Pedro | | Barreiro | |
| | | Martínez | |
| | | Porto | |
| | | Castaño | |

**"ENHORABUENA A LOS CHICOS POR EL TRABAJO REALIZADO PARA CONSEGUIR UNA NUEVA VICTORIA"**
PABLO ABUÍN - Estudiantes

Estudiantes Leyma pechou a súa semana grande, tras impoñerse ao Ensino no derbi o xoves e a Sigaltec o domingo. Os de Pablo Abuín asinaron dous partidos moi completos cos que manteñen a súa folla de ruta impoluta, con seis vitorias en seis encontros.

A última ante un Sigaltec correoso que vendeu cara a derrota, pero que terminou cedendo ante a superioridade celeste.

O inicio de partido foi de poder a poder, demostrando Sigaltec que é un bo equipo tralo 19-18 do primeiro parcial. No segundo Estudiantes subiu o listón defensivo e puido correr para tomar as primeiras vantaxes no marcador con máis 9 ao descanso.

Na segunda parte Estudiantes gustouse durante moitos minutos cunha defensa sólida, correndo e anotando desde varias posicións, asinando un 23-14 co que sentenciou o encontro antes dos últimos dez minutos, nos que as forzas volvéronse a igualar, pero xa co encontro gañado, 17-20.


Lucas Álvarez rodeado de xogadores ensinistas

## Vitoria celeste no derbi

O derbi máis longo da historia terminou con final feliz para Estudiantes. O primeiro duelo ante Ensino na máxima categoría júnior masculina suspendeuse no seu día pola condensación do Anexo con 22-25 no marcador e renovouse o pasado xoves no Pazo nun partido que se mantivo igualado ata o descanso.

Ao comezo da segunda parte Estudiantes foi mellor e foise no marcador cunha renda máxima de 12 puntos que souberon administrar o resto do encontro ante os intentos de remontada dun Ensino guiado por Olloqui, pero que Estudiantes mantivo sempre o control ata romper con máis claridade que a que se viu sobre a pista o encontro co definitivo 60-74.

# Allariz pagou a conta que deixou pendente o derbi

**ENSINO VOLVEU Á COMPETICIÓN** con aires renovados tras dúas derrotas ante Rosalía en Santiago e Estudiantes no Pazo


Alberto a piques de pasar o balón ante a mirada de Cristian

| ENSINO 95 | | ALLARIZ 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Eloy | 5 | Fernández | |
| Mario | 6 | Varela | |
| Samuel | | González | |
| Antón Real | | Bobillo | |
| Durán | | Vasalo | |
| Alberto | | Cid | |
| Cristian | 14 | Rodríguez | |
| Hugo Rey | 14 | Álvarez | |
| Sergio | 13 | Garrido | |
| Jorge | 7 | Feijoo | |
| Olloqui | 24 | Gil | |
| Dani López | 12 | | |

**"DESPUÉS DE UNA SEMANA COMPLICADA, FUIMOS CAPACES DE RESETEARNOS Y DAR NUESTRA MEJOR VERSIÓN"** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

Ensino volveu á senda da vitoria tras dúas derrotas consecutivas. Os de Adrián González recuperaron a súa mellor versión cando peor pintaban as cousas, e ante Allariz demostraron que volven para dar moita guerra esta tempada.

Ensino tiña ganas de volver competir para resarcirse e demostrouno desde os primeiros minutos, tomando o mando do partido no Anexo. Con todo, cada despiste defensivo era castigado por un Allariz moi enchufado no primeiro cuarto, 20-21.

Lonxe de poñerse nervioso, Ensino deu un paso á fronte na defensa 5 para 5, secando aos seus xogadores máis determinantes á vez que as rotacións mantiñan o listón de esixencia alto. Todo iso traduciuse nun parcial de 29-14 para chegarse ao descanso con 49-35 no marcador.

A segunda parte empezou como se iniciou o encontro, con Ensino atopando vías para anotar con certa facilidade, pero con lagoas defensivas que Allariz aproveitou de novo para igualar o terceiro parcial, 24-23, mentres que aos últimos dez minutos os lucenses chegaron pletóricos da man dun Olloqui que segue en estado de graza, rompendo por completo o partido e o marcador cun parcial final de 22-16 co que fan borrón e conta nova na Liga Galega júnior masculina.

**24**

**PUNTOS DE OLLOQUI,** que xa no derbi ante Estudiantes asumiu o rol ofensivo con penetracións de todas as cores para manter con opcións ao Ensino no Pazo dos Deportes


Olloqui, máximo anotador ensinista con 24 puntos


Mario coa pelota subindo unha acción de contraataque


Sergio presionado po un rival buscando un compañeiro

# Estudiantes desnivelou o derbi no segundo parcial

## O RÍA DE RIBADEO, QUE SUFRIU UNHA NOVA LESIÓN, ESTA VEZ DE MANU, competiu de poder a poder tres dos catro cuartos, pero o 11-29 do segundo foi determinante



Manu, que se lesionou no derbi, nunha acción ofensiva

| RIBADEO 72 | | ESTUDIANTES 81 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Iker | 21 | Andrés | 2 |
| Anxo | 10 | Mikel | 26 |
| Cristian | 26 | Simón | 5 |
| Joaquín | 3 | Álvaro | 12 |
| Darío | 7 | Dani | 16 |
| Dani | 1 | Óscar | 5 |
| Manu | 4 | Lucas | 5 |
| Simón | | Cristian | 4 |
| Iago | | Rafa | 2 |
| | | Germán | |
| | | Brais | 4 |

**"NO ESTAMOS TENIENDO NADA DE SUERTE EN ESTE INICIO DE TEMPORADA CON LAS LESIONES. MUCHO ÁNIMO A MANU, LE DESEAMOS QUE VUELVA PRONTO A LAS CANCHAS"** SAMA - Ría de Ribadeo

**"NO HEMOS HECHO UN BUEN ENCUENTRO, TENEMOS QUE MEJORAR"** JAVI PEINÓ - Estudiantes

Ría de Ribadeo e Estudantes medironse por primeira vez na máxima categoría do baloncesto cadete masculino. Un derbi no que se disputaron dous encontros nun. Por unha banda estivo o segundo cuarto no que Estudiantes, ao seu mellor nivel defensivo e ofensivo, asinou un 11-29 de parcial, mentres que nos outros tres cuartos, o global foi de 61-52 para Ribadeo.

De inicio o encontro empezou con protagonismo mariñao, con Iker e Cristian recuperando o seu mellor nivel e sendo os focos de anotación local, para pechar o primeiro parcial con máis 7, 18-11.

Estudiantes captou a mensaxe de que o derbi non sería un paseo pola Mariña. Os de Javi Peinó puxéronse o mono de traballo en defensa e con iso empezaron a atacar fluído da man de Mikel, que terminou con 26 puntos.

Ribadeo non foi capaz de enchufarse de novo ao partido e o descanso foi recibido polos de Sama como auga de maio.

A segunda parte empezou con 29-44 no marcador. Ribadeo resistiuse a tirar a toalla, pero Estudiantes, sen realizar un espectacular encontro, mantivo as diferenzas ata chegar con máis 17 aos últimos dez minutos.

O Ría de Ribadeo, pese a contar cunha nova lesión, nesta ocasión a de Manu, non quixo irse do derbi sen tentear as súas opcións de remontada e loitou ata o final por unha machada que Estudiantes tivo sempre baixo control, pese ao 27-19 nos últimos dez minutos.

Na próxima xornada Estudiantes recibe a Ensino no derbi capitalino, mentres que Ribadeo viaxa a Ferrol.

# Vendaval celeste no sprint final

## ESTUDIANTES, CUN ÚLTIMO PARCIAL DE 6-29, remontou un encontro que se puxera costa arriba, pero nos peores momentos as de Fernán Varela sacaron a súa mellor versión

| CULLEREDO 54 | ESTUDIANTES 76 | |
|---|---|---|
| Xogadora | Xogadora | PTS. |
| Botana | Lían | |
| Sánchez | Iria | |
| Fernández | Celia | |
| Rivas | Candela | |
| López | Enma | |
| Piñeiro | María | |
| Manzanares | Marta F. | |
| Pose | Claudia | |
| Romera | Laura | |
| González | Carla | |
| | Marta R. | |




A celeste Carla a piques de lanzar a canastra nun encontro disputado no Anexo

**"PASAMOS POR MOMENTOS DUROS A LO LARGO DEL ENCUENTRO, PERO NUESTRA RESPUESTA FUE BUENA Y FUIMOS CAPACES DE LLEGAR AL FINAL CON FUERZAS PARA SACAR EL PARTIDO ADELANTE. ENHORABUENA A TODAS"** FERNÁN VARELA - Estudiantes

Estudiantes impúxose por 22 puntos a un Culleredo que suma unha vitoria e cinco derrotas. Con estes datos poderíase resumir un partido cómodo para as celestes, pero o encontro tivo páxinas extra e letra pequena.

Culleredo recibiu a Estudiantes cunha soa vitoria en cinco encontros, pero en todos eles estivo na loita pola vitoria, ademais as locais tiveron no dique seco á súa xogadora máis grande, que condiciona moito o seu xogo, e que ante Estudiantes, malia estar falta de minutos, foi determinante en moitas fases do partido.

A todo iso hai que engadirlle que Culleredo empezou mellor o partido, cun parcial de 9-2 que obrigou a Estudiantes a remar contracorrente desde o inicio. Aos poucos as lucenses foron atopando mellores sensacións ata empatar o primeiro parcial, 11-11.

No segundo, Culleredo, de novo co seu mellor quinteto en pista, volveuse ir de máis 7 no marcador, pero a resposta estudiantil foi unha vez máis moi boa cando peor pintaban as cousas, e chegaron por diante ao descanso, 29-31.

Xa na segunda parte varias canastras desde o tiro exterior poñian de novo a Culleredo por diante no marcador de cara aos últimos dez minutos, nos que Estudiantes deu un clinic defensivo, anticipando a presión, roubando e anotando en cómodas transicións para chegar aos últimos minutos por encima dos dez puntos.

Culleredo, que se viu superado, baixou os brazos ante un vendaval celeste que terminou exhibíndose cun último parcial de 6-29.

### CADETE 1ª FEMININO NORTE

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Maristas – C. Artabra | 73-79 |
| Peleteiro – Giraldo | 74-26 |
| Culleredo – Estudiantes | 54-76 |
| Rosalia – Candelas Ensino | 72-65 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 5 | 5 | 0 | 0 | 329 | 206 |
| **ESTUDIANTES** | **5** | **4** | **1** | **0** | **347** | **301** |
| KFC C. ARTABRA | 5 | 3 | 2 | 0 | 361 | 322 |
| MARISTAS CORUÑA | 5 | 3 | 2 | 0 | 331 | 317 |
| **CANDELAS ENSINO** | **5** | **2** | **3** | **0** | **313** | **324** |
| KFC CULLEREDO | 5 | 1 | 4 | 0 | 279 | 326 |
| GIRALDO CBV | 5 | 1 | 4 | 0 | 268 | 355 |
| INSTITUTO ROSALIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 258 | 335 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Maristas Coruña – Estudiantes
Rosalia – Culleredo
Giraldo – Candelas Ensino
C. Artabra – Peleteiro

### CADETE 1ª MASCULINO NORTE

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Culleredo | 83-74 |
| B. Ferrol – C. Artabra | 65-57 |
| Ria Ribadeo – Estudiantes | 72-81 |
| Ensino Lugo – San Ciprián | 64-79 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **5** | **5** | **0** | **0** | **420** | **328** |
| **SAN CIPRIAN** | **5** | **5** | **0** | **0** | **364** | **292** |
| BASQUET CORUÑA | 5 | 3 | 2 | 0 | 370 | 381 |
| **ENSINO LUGO** | **4** | **3** | **1** | **0** | **286** | **254** |
| BASKET FERROL | 5 | 2 | 3 | 0 | 342 | 360 |
| KFC CULLEREDO | 5 | 1 | 4 | 0 | 327 | 371 |
| KFC C. ARTABRA | 5 | 0 | 5 | 0 | 249 | 316 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **4** | **0** | **4** | **0** | **259** | **315** |

**PRÓXIMA XORNADA**

B. Coruña – San Ciprián
Estudiantes – Ensino Lugo
C. Artabra – Ria Ribadeo
Culleredo – B. Ferrol

**26**

**PUNTOS CRISTIAN E MIKEL,** que foron os máximos anotadores do Ribadeo e Estudiantes respectivamente no derbi disputado o pasado sábado na Mariña lucense, sendo esta a primeira ocasión na que se median ambos equipos na Liga Galega

**36**

**PUNTOS PAULA HOYUELOS** A xogadora do Ensino foi a máxima anotadora dun conxunto lucense esta xornada na categoría cadete. Malia aos 36 puntos de Paula, o Ensino caeu derrotado na pista do Rosalía, que gañou o seu primeiro encontro da tempada

**24**

**PUNTOS HUGO COBAS** Unha vez máis o foco máis radiante de anotación do San Ciprián esta tempada. Hugo segue promediando máis de 20 puntos por encontro neste inicio de tempada no que o San Ciprián, pese a ser recen ascendido, segue sumando por vitorias todos os encontros disputados



Anton a piques de lanzar a canastra ante a oposición de Ruano e baixo a atenta mirada de Bao e Mario nun lance do xogo do derbi provincial no Anexo

# San Ciprián asalta unha nova plaza na Liga Galega

**5 ENCONTROS E 5 VITORIAS** para os de Manolo Cobas tras impoñerse, esta vez no derbi provincial, ao Ensino e manter o pulso con Estudiantes no alto da táboa

| ENSINO 64 | | SAN CIPRIÁN 79 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Yoel | | Miguel | |
| Samuel | 6 | Marcos | 10 |
| Durán | 5 | Manu | |
| Ruano | 10 | Manuel | 1 |
| Martínez | | Carlos | |
| Carreira | 13 | Antón | 15 |
| Garabito | 5 | Diego | 21 |
| Juan Bao | 8 | Dani | |
| Iago | | Mario | 8 |
| Álex Bao | 7 | Hugo | 24 |
| Joel | 11 | | |

**"NO FUIMOS CAPACES DE CONTRARRESTAR EL GRAN ACIERTO DEL RIVAL DESDE LA LÍNEA DE 6,75"**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

**"PARTIDO MUY COMPLETO Y CON MUY BUENA INTENSIDAD EL DISPUTADO POR TODO EL EQUIPO"**

MANOLO COBAS - San Ciprián

San Ciprián mantén impoluta a súa folla de ruta na Liga Galega cadete tras impoñerse tamén no derbi provincial ante un Ensino que perdeu o seu primeiro encontro de Liga. Os de Manolo Cobas derrubaron a fortaleza capitalina a base de bombardeos desde a liña de tres puntos poñendo fin á resistencia local nun partido intenso e digno da máxima categoría do baloncesto cadete masculino.

O encontro empezou con intercambio de canastras, cos dous equipos sacando vantaxes nos seus puntos fortes, pechando o primeiro parcial con empate a 18. Xa no segundo San Ciprián logrou pechar o rebote e non permitiu que Ensino correse. Pero o factor desnivelante chegou no tiro exterior, desde o 6,75 os mariñaos romperon o encontro ao seu favor con seis triplos consecutivos para irse no electrónico cun segundo parcial de 19-30 e chegar ao descanso con 37-48.

Ensino tivo que remar contracorrente e saltou á pista na segunda parte con ánimos de remontada. Con todo, os de Adrián González pecaron de exceso de ganas e caeron en erros que San Ciprián soubo aproveitar para ir ampliando a vantaxe á vez que crecía a desesperación capitalina.

A defensa visitante estivo a un gran nivel ao longo do encontro, Antón impuxo o ritmo de xogo que máis interesaba e Hugo volveu ser un goteo constante de puntos con Diego, evitando en todo momento que Ensino puidese soñar coa remontada.

O 13-18 do terceiro parcial deixaba o encontro visto para sentenza, xa que San Ciprián sempre tivo as pulsacións baixo control ante un Ensino con exceso de ímpetu por momentos.

Ao final, quinta vitoria consecutiva para un San Ciprián que segue confirmándose como alternativa e que nas dúas próximas xornadas xogará ante o terceiro e primeiro clasificado, un Estudiantes ao que se medirá Ensino a próxima xornada.



O mariñao Marcos coa pelota entre Garabito e Juan Bao



Mario encarando a Samel ante a mirada de Joel



Hugo Cobas, 24 puntos, encarando o aro ante Joel



Manolo Cobas dando instruccións aos seus xogadores durante un tempo morto no Anexo

## O cadete feminino sumouse a unha tráxica fin de semana

**DERROTA** en Santiago ante un Rosalía que aínda non coñecía a vitoria

| ROSALÍA 72 | | ENSINO 65 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| De Paz | | Paula | 36 |
| Rama | | Sabela | 7 |
| Hermo | | Eva | 15 |
| Riveiro | | Lorena | 2 |
| Rodríguez | | Lucía | 3 |
| García | | Silvia | 2 |
| Pérez | | Carla Paz | |
| Fernández | | Carolina | |
| López | | Antía | |
| Lado | | Carla G. | |
| Castro | | Leire | |

**"SEGUIMOS SIN APRENDER A COMPETIR Y ESO NOS PASA FACTURA. TOCA SEGUIR TRABAJANDO CON HUMILDAD ENTRE SEMANA PARA AFRONTAR LOS ENCUENTROS CON LA COMPETITIVIDAD NECESARIA"** DAVID MTNEZ/ AIGOR ROMO Cafés Candelas Ensino

Nunha fin de semana para esquecer en liñas xerais para o Ensino en todas as categorías, o cadete feminino tamén se sumou aos contratempos. As lucenses viaxaron a Santiago coa intención de facer borrón e conta nova trala última derrota ante Estudiantes, medíndose a un Rosalía que sumaba por derrotas os seus encontros.

Ensino empezou ben e tomou rápido as rendas no marcador con seis puntos de vantaxe. Con todo, Rosalía recuperouns para terminar o primeiro parcial con 16-16.

As malas sensacións confirmáronse aos poucos no segundo parcial, no que o xogo en ataque foi demasiado individualista e as lagoas defensivas acumulábanse ao conceder moitas segundas opcións no tiro ás compostelás. Rosalía chegou ao descanso con tres puntos de vantaxe, diferenza que ampliou ao comezo da segunda parte nun intercambio de canastras que non favorecía en nada a Ensino, que chegou aos últimos dez minutos sete abaixo. No desenlace final Rosalía viviu e mantívose por diante ao aproveitar os fallos de Ensino e con boas porcentaxes no tiro libre.

# Show de Serguei no recital celeste na Coruña

**44 PUNTOS DO XOGADOR ESTUDIANTIL** nunha exhibición defensiva dos de Nico Fernández na Coruña. Cuarta vitoria dos lucenses antes de recibir ao líder, Obradoiro

| B. CORUÑA 38 | | ESTUDIANTES 89 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Nogueiras | | Brais | 21 |
| Regueiro | | Santi | 12 |
| Ferreiros | | Mateo | |
| Pérez | | Isma | |
| Formoso | | Dani | 2 |
| Moreno | | Pablo | |
| Souto | | Leo | 6 |
| Brozos | | Bernal | 2 |
| Dominguez | | Rozas | 2 |
| Marten | | Serguei | 44 |
| Paadín | | Mario | |
| Cortés | | | |

Estudiantes Leyma rozou a súa mellor versión, algo que teñen gardado os de Nico Fernández para a vindeira xornada na que reciben ao líder invicto da competición, Obradoiro, no Anexo. Un encontro no que estará o primeiro posto en xogo.

Os lucenses asinaron un partido moi completo na Coruña cun show de Serguei, que rematou o encontro con 44 puntos en 3 cuartos e sendo imparable para a defensa herculina.

Estudiantes atopou vías para anotar desde os primeiros minutos, pero no primeiro parcial a defensa non estaba do todo axustada de aí ao 15-26 co que terminaron os primeiros dez minutos de xogo.

A agresividade no xogo que imprimiron os lucenses no segundo parcial sacou da pista completamente a un Basquet Coruña que ao descanso xa caía por 27-63.

As rotacións celestes encargáronse de manter o listón de esixencia alto tralo paso polos vestiarios, e con ela as diferenzas no marcador fóronse ampliando ata chegar o peche do marcador, aínda no terceiro cuarto do encontro.

Ata co tempo corrido Estudiantes non cesou no bo traballo defensivo e mantivo a liña a seguir de cara ao partidazo da próxima xornada ante o líder invicto da competición no Anexo.

**"PARTIDO BRILLANTE DE TODO EL EQUIPO. ENHORABUENA A LOS CHICOS POR EL JUEGO DESPLEGADO"** NICO FERNÁNDEZ- Estudiantes



Nico Fernández dando instruccións aos seus xogadores durante un tempo morto

## Burela puxo contra as cordas ao líder da Liga

| ROSALÍA 61 | | CB BURELA 54 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Fuente | | Henar | 2 |
| Pazos | | Sara | 26 |
| Merelles | | Zaida | |
| Pérez | | Emma | 7 |
| Linares | | Laura | |
| Casuso | | Lucía | 14 |
| Mallou | | Cecilia | 5 |
| Carro | | Marta | |
| Rodriguez | | Sabela | |
| Lado | | Paula | |
| Trillo | | | |

**"MUY ORGULLOSO DEL PARTIDO QUE HEMOS JUGADO A PESAR DE LA DERROTA"** NACHO MOTA- CB Burela

Esforzo titánico sen premio en forma de vitoria para Burela en Santiago, onde o conxunto de Nacho Mota puxo contra as cordas ao líder invicto da Liga Galega feminina. Nin un parcial inicial de 13-0 sacou ás mariñás do encontro. Un tempo morto de Mota cambiou o guión do encontro e chegouse a un final de partido igualado no que pesou algunha decisión arbitral polémica, pero que non empañou para nada o espectacular encontro realizado polas burelás.

## Estudiantes tivo que remar contracorrente

**COSTA ÁRTABRA** arrincou cun parcial incial de 19-8 que puxo costa arriba o encontro en Ferrol

| C. ARTABRA 61 | | ESTUDIANTES 53 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Prieto | | Laura | |
| Álvarez | | María A. | |
| Villar | | Ana | |
| Bores | | María C. | |
| Cotovad | | Pau | |
| Villares | | Aroa | |
| Coira | | Paula | |
| Horjales | | Alma | |
| Cabezal | | Ari | |
| Fernández | | Iria | |
| Pol | | Daniela | |

**"COSTA ARTABRA FUE MEJOR QUE NOSOTRAS E ESTE PARTIDO"** ÁNGEL RIOBOO - Estudiantes

Estudiantes cedeu na súa visita a Ferrol tras perder cun Costa Ártabra que tomou as rendas do partido cun xogo intenso e duro para tomar as primeiras vantaxes no marcador, 19-8.

Estudiantes reaccionou e igualou o tenteo do segundo parcial, pero ao descanso chegouse con 29-18. Xa na segunda parte parecía que Estudiantes se metia no partido baixando a diferenza a sete puntos, pero un arreón local no terceiro cuarto local levou a diferenza ata os 17 puntos, e con iso sentenciaron o encontro.


A xogadora celeste, Maria Castro, no Anexo



Julián, que se cargou moi pronto de faltas, ante dous rivais

## Vía crucis de Maristas ante un Narón superior

**SUPERADOS** pola intensidade, concentración e agresividade dos locais na primeira metade

| B. NARÓN 79 | | MARISTAS 45 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Lourido | | Mauro | 4 |
| Iglesias | | Néstor | 4 |
| Couce | | Miguel | 2 |
| Nuñez | | David | |
| Saa | | Samuel V. | 15 |
| Freire | | Gabriel R. | 4 |
| Fuertes | | Alexis | 2 |
| González | | Jorge | 2 |
| García | | Julián | 12 |
| López | | Yishak | |

**"NOS SACARON DEL PARTIDO EN LA PRIMERA PARTE"** RUBÉN ENGROBA - Maristas

Terceira derrota para un Maristas que se presentou en Narón coa intención de calibrar as súas opcións de estar no grupo de arriba esta tempada. A realidade do encontro, sobre todo na primeira parte, di que o obxectivo é a permanencia.

Todo foi mal na primeira metade, empezando polas dúas faltas de Julián no primeiro minuto. A partir de aí, todo costa arriba ata encaixar 50 puntos ao descanso. Na segunda parte Maristas apelou ao orgullo e competiu mellor, pero xa sen opcións no marcador.

### INFANTIL 1ª MASCULINO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montrove - Betanzos | --- |
| Narón - Maristas | 79-45 |
| B. Coruña - Estudiantes | 38-89 |
| Obradoiro - Culleredo | 76-45 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO CAB | 5 | 5 | 0 | 0 | 371 | 231 |
| **ESTUDIANTES** | **5** | **4** | **1** | **0** | **389** | **305** |
| NARÓN | 5 | 3 | 2 | 0 | 362 | 265 |
| BETANZOS | 4 | 3 | 1 | 0 | 283 | 271 |
| **MARISTAS LUGO** | **5** | **2** | **3** | **0** | **346** | **368** |
| KFC CULLEREDO | 5 | 1 | 4 | 0 | 259 | 341 |
| MONTROVE | 4 | 1 | 3 | 0 | 250 | 293 |
| BASQUET CORUÑA I | 5 | 0 | 5 | 0 | 227 | 413 |

PRÓXIMA XORNADA

Montrove - KFC Culleredo
Estudiantes - Obradoiro
Maristas Lugo - B. Coruña
Betanzos - Narón

### INFANTIL 1ª FEMININO NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro - CB Arxil | --- |
| Rosalia - Mariña Burela | 61-54 |
| Junquera - Inmoponte | 59-9 |
| C. Artabra - Estudiantes | 61-53 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 5 | 5 | 0 | 0 | 327 | 211 |
| **ESTUDIANTES** | **5** | **3** | **2** | **0** | **294** | **290** |
| KFC C. ARTABRA | 5 | 3 | 2 | 0 | 303 | 284 |
| **MARIÑA BURELA** | **5** | **3** | **2** | **0** | **322** | **247** |
| GRUPO JUNQUERA | 5 | 2 | 3 | 0 | 272 | 224 |
| PELETEIRO | 4 | 2 | 2 | 0 | 218 | 199 |
| C.B. ARXIL | 4 | 1 | 3 | 0 | 222 | 282 |
| CAB INMOPONTE | 5 | 0 | 5 | 0 | 100 | 321 |

PRÓXIMA XORNADA

Peleteiro - Estudiantes
Inmoponte - C. Artabra
Burela - Junquera
CB Arxil - Rosalia

**44**

**DIEGO SERGUEI** O xogador celeste foi imparable para Basquet Coruña e rematou o encontro cunha anotación fora do normal. Serguei e o Estudiantes chegan co punto de mira afinado para recibir ao Obradoiro, líder invicto da Liga Galega infantil masculina, no Anexo, nun encontro no que estará en xogo o liderado da competición

**14**

**PUNTOS DE LUCÍA,** que foi a xogadora máis destacada no encontro que mediu ao Burela co Rosalía en Santiago. O conxunto de Nacho Mota puxo contra as cordas ao líder invicto da Liga Galega infantil feminina nun encontro no que a máxima anotadora foi de novo Sara, que camiña cara un novo MVP a base de espectaculares actuacións

# Novo monólogo celeste

## **ESTUDIANTES** segue poñendo un listón inalcanzable para os seus rivais neste inicio de tempada na Liga Galega preinfantil



A celeste Iria nunha acción de ataque ante unha rival



Lola mirando o aro a piques de lanzar a canastra

| ESTUDIANTES 63 Xogadora | PTS. | ROSALES 12 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Carlota | | González | |
| Nerea | | Buján | |
| Lucía | | Peteira | |
| Marina | | Lema | |
| Eva | | Ibáñez | |
| Valle | | Lorenzo | |
| Lola | | Lozano | |
| Daniela | | Ría | |
| Clara | | Sánchez | |
| Iria | | Muras | |

Catro xornadas e catro vitorias para o Estudiantes Leyma na Liga Galega preinfantil feminina, competición na que o conxunto que dirixe Zaida Iglesias suma 213 puntos (ata o peche dos marcadores) e tan só encaixou 92.

A última vítima das lucenses no Anexo, citación que para os seus rivais xa empeza a ser coma unha visita ao dentista, foi Los Rosales, un conxunto que se descolgou no marcador dende os primeiros minutos cun parcial inicial de 23-2.

Unha vez máis, Estudiantes exerceu unha defensa espectacular, con boas saídas ao contraataque e mellorando incluso o ataque en cinco para cinco estático respecto ás últimas xornadas.

**"ESTOY MUY CONTENTA CON EL TRABAJO DE TODAS MIS JUGADORAS, TENEMOS QUE SEGUIR EN ESTE CAMINO"**

**ZAIDA IGLESIAS** - Estudiantes

Todos iso viuse traducido no marcador cun segundo parcial de 24-8 para chegar ao descanso no Anexo cun claro e contundente 47-10 no electrónico.

Na segunda parte Estudiantes baixou un pouco o ritmo e incidiu no ataque estático, que continuou mellorando, plasmando o traballo realizado nos adestramentos sobre a pista de xogo.

### Derbi ante Burela

Estudiantes recibirá no Anexo ao Academia A Mariña Burela na próxima xornada, nun duelo que se presenta máis que atractivo.



Lucía fai unha entrada a canastra por diante de Lola

**30**

**PUNTOS DE HENAR,** que unha vez máis foi a máxima anotadora e chegará ao Anexo dirixindo ao Burela para medirse no derbi Provincial co Estudiantes

**34**

**PUNTOS DE ÁLVARO** O base mariñao é o principal pesadelo do Estudiantes de cara ao próximo derbi. O xogador de CB Celtas chega a cita co punto de mira afinado tralo último recital

**PRE-INFANTIL FEM. NORTE**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Los Rosales | 63-12 |
| M. Burela – B. Coruña | 65-63 |
| C. Artabra – Esclavas | 54-4 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **4** | **4** | **0** | **0** | **213** | **92** |
| KFC C. ARTABRA | 3 | 3 | 0 | 0 | 179 | 78 |
| **MARIÑA BURELA** | **3** | **3** | **0** | **0** | **196** | **130** |
| BASQUET CORUÑA | 4 | 2 | 2 | 0 | 210 | 118 |
| ESCLAVAS | 4 | 0 | 4 | 0 | 26 | 227 |
| BAXI FERROL | 3 | 0 | 3 | 0 | 142 | 170 |
| BV LOS ROSALES | 3 | 0 | 3 | 0 | 36 | 187 |

PRÓXIMA XORNADA

Los Rosales - Baxi Ferrol
B. Coruña - C. Artabra
Estudiantes - Burela

**PRE-INFANTIL MASC. NORTE**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Culleredo | 77-55 |
| C. Artabra – Estudiantes | 60-65 |
| Celtas – Maristas C. | 87-37 |
| Tirso Molina – B. Coruña | 73-76 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASQUET CORUÑA | 4 | 4 | 0 | 0 | 279 | 232 |
| BASKET FERROL | 4 | 3 | 1 | 0 | 267 | 174 |
| TIRSO DE MOLINA | 4 | 3 | 1 | 0 | 272 | 216 |
| **CELTAS** | **4** | **2** | **2** | **0** | **283** | **203** |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **2** | **2** | **0** | **243** | **247** |
| KFC C. ARTABRA | 4 | 1 | 3 | 0 | 216 | 241 |
| KFC CULLEREDO | 4 | 1 | 3 | 0 | 224 | 295 |
| MARISTAS CORUÑA | 4 | 0 | 4 | 0 | 81 | 257 |

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - B. Coruña
Maristas Coruña - Tirso Molina
Estudiantes - Celtas
B. Ferrol - C. Artabra

# Burela chega ao derbi cunha dose de moral

## **VITORIA CON SUSPENSE** nun treito final de partido que as mariñás decantaron ao seu favor

| CB BURELA 65 Xogadora | PTS. | B. CORUÑA 63 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Henar | 30 | Bejerano | |
| Candela | 23 | Cascales | |
| Marta | 4 | Díaz | |
| Sara | 4 | García | |
| Lucía M. | 2 | I. García | |
| Paula | 2 | Gómez | |
| Lucía L. | | Vázquez | |
| Nerea | | Biesta | |
| Aroa | | Mena | |
| | | Ruíz | |
| | | Díaz Nieto | |

O Academia A Mariña Burela asinou unha desas vitorias que valen máis cun triunfo, xa que o conxunto que dirixe Carlos Madar alzouse coa vitoria nun partido de poder a poder, cun treito final de infarto no que as mariñás conseguiron desnivelar a balanza ao seu lado no tempo extra.

Burela iniciou o partido con moita intensidade, boa defensa e correndo ao contraataque para coller as primeiras vantaxes no marcador, 18-12, pero Basquet Coruña non se deixou levar e igualou o parcial ao remate dos

**"MUY CONTENTO CON EL ESFUERZO DE LAS NIÑAS"**

**CARLOS MADAR** - CB Burela

primeiros dez minutos, 18-18.

O cadro herculino exprimiu a súa superioridade física ao longo do encontro, pero as diferenzas no marcador sempre foron moi pequenas ata chegar ao final do partido con empate no marcador, unha igualado que se desfixo no tempo extra cun parcial final de 6-4 co que o A Academia A Mariña Burela rematou coa resistencia herculina, 65-63.

### Próxima xornada

O cadro mariñao visita o Anexo de Lugo para medirse co líder invicto da competición tras catro xornadas disputadas da Liga Galega preinfantil, un Estudiantes ao que porán a proba tras chegar co depósito da confianza a tope.

# Estudiantes corrixiu as súas desconexións

## **O TRABALLO SEMANAL** deu os seus froitos e guiou aos celestes ante Costa Ártabra en Ferrol

| C. ARTABRA 60 Xogador | PTS. | ESTUDIANTES 65 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Gómez | | Eloy | |
| Cotovad | | Bosco | |
| Botana | | Pablo | 5 |
| Pulpeiro | | Diego | 3 |
| Villadóniga | | Martín | 8 |
| Carro | | Lucas | 5 |
| Brage | | Manu | 2 |
| Lobo | | Iverson | |
| Pena | | Varela | 2 |
| Montaos | | Samu | 13 |
| | | Uxío | 27 |

Estudiantes encontrou en Ferrol a regularidade no seu xogo que tanto ansiaba ao longo dun mesmo encontro. O conxunto de Pablo Rodríguez tivo unha

**"UN JUGADOR GANA UN PARTIDO, PERO UN EQUIPO GANA CAMPEONATOS"**

**PABLO RODRÍGUEZ** -Estudiantes

línea regular ao longo dun igualado partido que remataron decantando ao seu favor.

No primeiro parcial Estudiantes tomou o mando, 11-13, e chegou ao descanso con vantaxe, 28-29 tras un intercambio de canastras. Xa na segunda parte, trala igualdade no terceiro parcial, 16-16, Estudiantes despegou cara a vitoria nos últimos dez minutos, 16-20.



O celeste Diego coa pelota nun encontro no Anexo

# Celtas colle carreira antes do derbi Provincial

## **CLARA VITORIA ANTE MARISTAS CORUÑA** antes de medirse co Estudiantes no Anexo

| CB CELTAS 87 Xogadora | PTS. | MARISTAS C. 37 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Nacho | 2 | Maceiras | |
| Álvaro | 34 | Gutierrez | |
| Alonso | 7 | Alonso | |
| Chris | 2 | Acebal | |
| Nico | 5 | Bescansa | |
| Darío | 11 | Becerra | |
| Lucas | 17 | Pardal | |
| Mario | | Bra | |
| Esteban | | Domínguez | |
| Javi | 12 | Rodríguez | |

Celtas de Foz Gasoleos Eugenia cargou ao máximo o depósito da confianza ante Maristas Coruña e chegará pletórico ao derbi da próxima xornada, no que se medirá co Estudiantes Leyma no Anexo. Esta será a primeira vez que se midan os dous conxuntos na máxima categoria preinfantil.

Ante Maristas Coruña os mariñaos imprimíronlle ao xogo unha gran intensidade dende os primeiros minutos, nos que puxeron rumbo fixo cara o triunfo cun parcial inicial de 26-9. Os herculinos, orde-

**"APOYADOS EN NUESTRA DEFENSA FUIMOS SOLVENTES EN ATAQUE"**

**ARMANDO** - Celtas Foz

nados sobre a pista, non puideron frear a un Foz liderado por Álvaro que rematou o encontro con 34 puntos, e a diferenza ao descanso xa era de 38.

Na segunda parte, lonxe de baixar o listón defensivo, Celtas Foz Gasoleos Eugenia continuou ampliando a vantaxe co paso dos minutos ata pechar o marcador co definitivo 87-37.

**2**

**VITORIAS E DÚAS DERROTAS**

O Celtas Gasoleos Eugenia asinou a súa segunda vitoria da tempada ante Basquet Coruña. Antes, os mariñaos xa se impuxeran na xornada inaugural en Culleredo, 52-91, polo que tras dúas derrotas volveron á senda da vitoria na Liga Galega preinfantil masculina



A ensinista Marta presionada por unha xogadora rival



Aroa coa pelota nun lance do encontro ante C. Ártabra



O xogador de Estudiantes Nayo nun partido no Anexo



Candela Díaz correndo unha acción de contraataque



Candela Blande loitando por un balón dividido



Maristas celebrando unha vitoria no círculo central

# BBCA exhibiu potencial no seu paso polo Anexo

**O ENSINO NON ESCATIMOU ESFORZOS** ante un rival superior e cun tremendo potencial

| ENSINO 16 | | BBCA 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Sofía | | Baldonedo | |
| Candela D. | 8 | Ocampo | |
| Candela B. | 3 | Porto | |
| Sara | | Brañas | |
| Celtia | | Lorenzo | |
| Laura | | Suoniemi | |
| Aroa | 5 | Rey | |
| Aurora | | Vázquez | |
| Marta | | A.Mouriño | |
| Carmen | | Z. Mouriño | |

BBCA presentouse no Anexo con pleno de vitorias nos encontros disputados e demostrou ante o Ensino que non son casualidade. As visitantes impuxeron un listón practicamente imposible de seguir nesta categoría.

Malia iso, Ensino, encarou o encontro coa intención de competir de poder a poder e fixoo durante o primeiro parcial cun xogo moi completo, no que BBCA sacaba tallada de calquer erro para deixar o marcador en 6-12. No segundo sexto as visitantes despegaron no Anexo cunha defensa a toda pista coa que roubaron e anotaron en rápidas transicións. O parcial de 3-30 deixou visto para sentenciar o encontro, aínda que Ensino non deixou de loitar por cada balón ata o final.

**"UN PARTIDO EN EL QUE ME SIENTO ORGULLOSO DE TODAS LAS NIÑAS POR EL ESFUERZO QUE HAN REALIZADO ANTE UN RIVAL SUPERIOR"**

AIGOR ROMO - Ensino Lugo



Antía, lesionada, felicitando a Sara, Celtia e Candela

**1**

**SÓ PARTIDO** dos equipos lucenses nesta xornada, xa que Estudiantes afrontou a súa xornada de descanso na Liga Galega minibasket feminina

**MINIBASKET 1º FEM. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino Lugo – C. Artabra | 15–66 |
| Pontumio – Baxi Ferrol | --- |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC C. ARTABRA | 3 | 3 | 0 | 0 | 227 | 124 |
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **179** | **83** |
| BAXI FERROL | 3 | 1 | 2 | 0 | 117 | 209 |
| **ENSINO LUGO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **120** | **150** |
| PONTUMIO | 2 | 0 | 2 | 0 | 32 | 109 |

PRÓXIMA XORNADA

Costa Artabra - Pontumio

Estudiantes - Ensino Lugo

**21**

**PUNTOS DE IVÁN,** que foi o máximo anotador do Ría de Ribadeo no encontro que os mediu co Basquet Coruña

**MINIBASKET 1º MASC. NORTE A**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – Estudiantes | 113–87 |
| C. Artabra – Maristas Lugo | 59–110 |
| Ribadeo – B. Ferrol | 74–79 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **4** | **4** | **0** | **0** | **385** | **190** |
| NARÓN | 4 | 3 | 1 | 0 | 315 | 301 |
| BASKET FERROL | 4 | 3 | 1 | 0 | 268 | 289 |
| KFC C. ARTABRA | 4 | 1 | 3 | 0 | 260 | 319 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **4** | **1** | **3** | **0** | **288** | **318** |
| **ESTUDIANTES** | **4** | **0** | **4** | **0** | **257** | **356** |

PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Narón

Maristas Lugo - Ribadeo

Estudiantes - C. Artabra

# As diferenzas marcounas o mellor xogador

**ANOTOU** 50 puntos para Basket Ferrol

| CB RIBADEO 74 | | B. FERROL 79 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | |
| Simón | 2 | Taboada | |
| Héctor | 2 | Lamigueiro | |
| Ero | | López | |
| Iván | 21 | Nieblas | |
| Martín | 19 | Lata | |
| Zoe | 3 | Loureiro | |
| Alejandro | 19 | Somorrostro | |
| Alexandre | | Pita | |
| Juan | 6 | Barcia | |
| Hugo | 8 | Lata | |

**"PARTIDO SEGÚ N EL GUIÓN PREVISTO EN EL QUE NOS FALTÓ CREER UN POCO MÁS EN NUESTRA DEFENSA"**

SAMA - CB Ribadeo

Basket Ferrol levouse un igualado encontro en Ribadeo grazas sobre todo ao seu mellor xogador, que marcou as diferenzas sempre que estivo na pista indose ata os 50 puntos ao remate do encontro.

Pese a iso, Ribadeo levouse tres dos seis parciais e conseguiu chegar vivo ao último sexto, 60-66. Os de Sama incluso conseguiron impoñerse nos últimos dez minutos, grazas ao acerto no tiro exterior, pero finalmente Basket Ferrol, terceiro clasificado, levouse o triunfo por 74-79.

# Un parcial inicial perfecto de Maristas

**CUARTO TRIUNFO** consecutivo do líder

| BBCA 49 | | MARISTAS 110 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Rodríguez | | Juan A. | |
| González | | David | |
| Porto | | Juan G. | |
| Saavedra | | Nadia | |
| Santalla | | María C. | |
| A. Rey | | Mesfin | |
| M. Rey | | Jorge | |
| Paz | | Carlos | |
| Collazo | | Javi | |
| García | | Néstor | |
| | | Teo | |
| | | Guille | |

**"TENEMOS QUE CONSEGUIR SER MÁS REGULARES DURANTE TODOS LOS PERIODOS "**

ÓSCAR ENGROBA - Maristas

Os colexiais sumaron unha nova vitoria ante BBCA que se fraguou nun primeiro sexto practicamente sen erros, no que, cun quinteto moi forte e xogando moi rápido en ataque, selaron un primeiro parcial de 9-30 que encarrilaba o encontro.

O único lunar foi que os de Óscar Engroba, co partido controlado, non conseguiron manter a concentración nos seguinte sextos e foi na segunda metade, co marcador decantado e rotacións para dar minutos a todos os xogadores, cando conseguiron volver facer o seu mellor xogo ata o 49-110 final.

A próxima fin de semana Maristas recibe a CB Ribadeo nun derbi no Anexo.

# Estudiantes perde pero vai polo bo camiño

**NARÓN** puxo o listón de desgaste moi alto

| NARÓN 113 | | ESTUDIANTES 87 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| López | | Rubén | |
| Fuertes | | Jacobo | |
| Cubero | | J. Maneiro | |
| Pita | | Andrés | |
| Coira | | Lucas | |
| González | | Nayo | |
| Díaz | | Pablo | |
| Pérez | | Hugo | |
| Romero | | Javi C. | |
| Vidal | | Olmo | |
| Muiño | | | |

**"SEGUIREMOS TRABAJANDO PARA SER CADA DÍA QUE PASA UN POCO MEJORES"**

JAVI PEINÓ - Estudiantes

Estudiantes visitou unha das pistas máis complicadas da categoría nesta xornada para medirse con Narón, un equipo moi forte e que imprime un ritmo de xogo e pon o listón de esixencia física moi alto.

Estudiantes non se engurrou e competiu ben durante gran parte dos minutos de xogo, empatando no marcador ao final dos dous primeiros sextos, 30-30. A partir de aí Narón, cunha presión a toda pista, puxo en complicacións aos celestes, que pese a isob chegou con vida no marcador ao descanso, e non sería ata o quinto parcial, 29-13, cando os locais romperan o encontro.

# Duelos competidos en minibasket masculino

**NO GRUPO NORTE** Cidade de Lugo e Asociación Esperanza Burela sumaron un novo triunfo tras impoñerse en disputados encontros

Os burelaos superaron a CB Viveiro no derbi da mariña por 79-59. Cidade, pola súa banda, impúxose a Galén 08 66-79. No grupo Sur triunfos para Fingoi ante Maristas 09 -36-75- e CB Sarria contra Estudiantes Azul, 15-66.

Na Liga feminina Mª Auxiliadora superou ao líder, Franciscanos, 60-45. Vitorias tamén para Cidade de Lugo contra Burela e Floris-tería Maderia ante Galén 08.

Na competición premini ata seis equipos manténense invictos. MGR Sarria e Cidade de Lugo, na liga feminina, suman por vitorias os seus partidos disputados. No grupo masculino, Estudiantes Verde, CB Burela, Estudiantes Laranxa e Galén Ensino 10 ocupan as catro primeiras prazas con dous triunfos noutros tantos encontros.


Blanca, Rosalía de Castro, por diante do mariñao Hugo B.


Jaime, CB Burela, coa pelota seguido de Brais


Samuel correndo un contraataque ante Jaime e Hugo F.

## MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén E. 08 – Cidade Lugo | 66-79 |
| Burela – CB Viveiro | 79-59 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 3 | 2 | 1 | 0 | 201 | 187 |
| BURELA ALV MASC. | 2 | 2 | 0 | 0 | 163 | 120 |
| CB Viveiro | 2 | 1 | 1 | 0 | 115 | 131 |
| GALÉN ENSINO 08 | 2 | 0 | 2 | 0 | 118 | 135 |
| GALÉN ENSINO | 1 | 0 | 1 | 0 | 37 | 61 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Cidade
Galén Ensino - Burela

## MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade Fingoi – Maristas 09 | 36-75 |
| Est. Azul – C. Sarria | 15-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CRISTO C.B. SARRIA | 3 | 3 | 0 | 0 | 182 | 46 |
| MARISTAS LUGO 09 | 2 | 1 | 1 | 0 | 94 | 104 |
| EST. VERMELLO | 2 | 1 | 1 | 0 | 99 | 85 |
| EST. AZUL | 2 | 1 | 1 | 0 | 69 | 93 |
| CIDADE FINGOI | 3 | 0 | 3 | 0 | 63 | 179 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas 09 - Estudiantes Azul
Estudiantes Vermello - Cidade Fingoi

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| M. Sarria – Cidade Fingoi | 25-45 |
| Maria Aux. – Franciscanos | 60-45 |
| Galén Ensino 09 – C. Sarria | --- |
| Galén Ensino 08 – M. Sarria | 24-64 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 3 | 2 | 1 | 0 | 161 | 100 |
| CIDADE-FINGOI | 3 | 2 | 1 | 0 | 122 | 104 |
| MADEIRA SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 130 | 46 |
| M. AUXILIADORA | 2 | 2 | 0 | 0 | 145 | 81 |
| MARIPOSA BURELA | 3 | 1 | 2 | 0 | 97 | 138 |
| GALÉN ENSINO 08 | 2 | 0 | 2 | 0 | 55 | 124 |
| COSMOS SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 61 | 134 |
| GALÉN ENSINO 09 | 1 | 0 | 1 | 0 | 22 | 66 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cosmos Sarria - Galén Ensino 08
Franciscanos - Galén Ensino 09
Cidade Fingoi - M. Auxiliadora
Mariposa Burela - Madeira Sarria

## PREMINIBASKET FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| M. Auxiliadora – Galén E. | 61-36 |
| Estudiantes – MGR Sarria | 11-56 |
| Afán Burela – Cidade | 26-60 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MGR C.B. SARRIA | 2 | 2 | 0 | 0 | 115 | 19 |
| CIDADE DE LUGO | 2 | 2 | 0 | 0 | 112 | 62 |
| M. AUXILIADORA | 2 | 1 | 1 | 0 | 69 | 95 |
| AFAN BURELA | 2 | 1 | 1 | 0 | 74 | 101 |
| CB VIVEIRO | 1 | 1 | 0 | 0 | 46 | 22 |
| EST. VIOLETA | 2 | 0 | 2 | 0 | 47 | 108 |
| GALÉN ENSINO | 2 | 0 | 2 | 0 | 58 | 107 |
| FRANCISCANOS | 1 | 0 | 1 | 0 | 41 | 48 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - CB Viveiro
M. Auxiliadora - Est. Violeta
Afán Burela - MGR Sarria

## PREMINIBASKET MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade Lugo – Galén E. | Apr. |
| Franciscanos – Ensino Lugo | 54-3 |
| CB Viveiro – Est. Laranxa | 20-62 |
| Maristas – Est. Verde | 9-59 |
| Rosalia – M. Burela | 36-29 |
| C. Burela – Oribio Sarria | 55-5 |
| Cosmo Sarria – Galén E. 10 | 12-63 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EST. VERDE | 2 | 2 | 0 | 0 | 115 | 13 |
| EU SON BURELA | 2 | 2 | 0 | 0 | 105 | 5 |
| EST. LARANXA | 2 | 2 | 0 | 0 | 125 | 42 |
| GALÉN ENSINO 10 | 2 | 2 | 0 | 0 | 121 | 52 |
| FRANCISCANOS | 2 | 1 | 1 | 0 | 76 | 66 |
| MARISTAS LUGO | 2 | 1 | 1 | 0 | 65 | 63 |
| COSMOS SARRIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 62 | 63 |
| ROSALÍA CASTRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 36 | 79 |
| ENSINO LUGO | 2 | 1 | 1 | 0 | 44 | 84 |
| MARIÑA BURELA | 2 | 0 | 2 | 0 | 33 | 92 |
| ORIBIO C.B. SARRIA | 2 | 0 | 2 | 0 | 45 | 113 |
| CB VIVEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 24 | 118 |
| CIDADE DE LUGO | 1 | 0 | 1 | 0 | 30 | 41 |
| GALÉN ENSINO | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 50 |

### PRÓXIMA XORNADA

Galén E. - Galén E. 10
C. Burela - C. Sarria
M. Burela - O. Sarria
Est. Verde - Rosalia
Est. Laranxa - Maristas
CB Viveiro - Ensino
Cidade - Franciscanos

# CB Ribadeo impúxose no Novo Chanto

**NOUTRO PARTIDO DA XORNADA,** Terra Chá caeu de forma contundente en Ferrol. Ensino e Estudiantes aprazaron o seu duelo

## JÚNIOR 2º DIV. FEMININO A2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Terra Chá | 77-17 |
| Ensino Lugo – Estudiantes | Apr. |
| CB Sarria – Ría Ribadeo | 34-60 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BAXI FERROL | 5 | 5 | 0 | 0 | 356 | 178 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 5 | 4 | 1 | 0 | 291 | 215 |
| ENSINO LUGO | 4 | 2 | 2 | 0 | 256 | 171 |
| ESTUDIANTES | 4 | 2 | 2 | 0 | 232 | 235 |
| C.B. SARRIA | 5 | 1 | 4 | 0 | 198 | 363 |
| CB TERRA CHA | 5 | 0 | 5 | 0 | 159 | 330 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Terra Chá
CB Sarria - Estudiantes
Ensino Lugo - Baxi Ferrol

As ribadenses necesitaban unha vitoria para non perder de vista o seu obxectivo de clasificarse para a segunda fase, e cumpriron en Sarria ante Mª Teresa Martínez Dental que viña de estrear a súa conta de vitorias a pasada fin de semana en Vilalba.

As mariñás partian con vantaxe grazas ao seu físico, pero pese a iso CB Sarria nunca lle perdeu a cara ao partido, poñéndolle as cousas moi difíciles a CB Ribadeo grazas á súa defensa. Aínda así, as de Jose Vázquez lograron as primeiras vantaxes xa no primeiro cuarto, 9-14.

No segundo a tónica mantívose, e pese a que Ribadeo non conseguíu romper o marcador polo bo facer de Sarria, pouco a pouco ían ampliando a distancia para chegar ao descanso con 20-29 no electrónico.

Tralo intermedio Aldara colleu a batuta e neutralizou os mellores minutos das locais a base de boas prenetracións, asistencias e dous triples para deixar o encontro practicamente visto para sentenza de cara aos últimos dez minutos, nos que CB Sarria baixou un pouco os brazos e Ribadeo aproveitou para romper o marcador ata o definitivo 24-60 co que finalizou o encontro.

No outro partido da xornada, derrota de Terra Chá ante o líder, Baxi Ferrol, por 77-17.

O partido entre Ensino e Estudiantes foi aprazado e xogarase o vindeiro venres a partir das 19:30h na pista do Anexo.


Banquiños de CB Ribadeo e CB Sarria nun tempo morto


O adestrador sarriao, Adrián López, falando con Rut


As ensinistas xogarán o próximo venres ante Estudiantes


Adrián López, Sarria, dá instruccións ás súas xogadoras

# Tres equipos seguen sen ceder no máis alto da clasificación


Marta, Ensino Galén, lanza a canastra ante Paula e Icía

**ENSINO LUGO É LÍDER** con cinco triunfos. Baxi e Pontumio, ambos cun partido menos, tamén contan por vitorias todos os seus partidos

### CADETE 2º DIV. FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino Galén – Pontumio | 26-69 |
| Tirso Molina – Estudiantes | 53-52 |
| Ensino Lugo – Lourenzá | 77-27 |
| Baxi Ferrol – CB Viveiro | 83-47 |
| KFC BBCA – Franciscanos | 34-30 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 5 | 5 | 0 | 0 | 286 | 163 |
| BAXI FERROL | 4 | 4 | 0 | 0 | 313 | 129 |
| PONTUMIO | 4 | 4 | 0 | 0 | 246 | 143 |
| ESTUDIANTES | 4 | 3 | 1 | 0 | 270 | 181 |
| TIRSO DE MOLINA | 5 | 2 | 3 | 0 | 227 | 242 |
| LOURENZÁ | 5 | 2 | 3 | 0 | 191 | 271 |
| KFC BBCA | 4 | 2 | 2 | 0 | 175 | 203 |
| BURELA | 4 | 1 | 3 | 0 | 192 | 220 |
| ENSINO GALEN | 5 | 0 | 5 | 0 | 141 | 339 |
| FRANCISCANOS | 3 | 1 | 2 | 0 | 102 | 174 |
| CB VIVEIRO | 4 | 0 | 4 | 0 | 194 | 272 |

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos – Ensino Galén
CB Viveiro – KFC BBCA
Mariña Burela – Baxi Ferrol
Estudiantes – Ensino Lugo
Pontumio – Tirso Molina

As de Aigor Romo foron ademais o único equipo lucense que sumou un triunfo esta xornada na categoría, tras impoñerse no Anexo a Lourenzá. Pese a entrar ao encontro un pouco frías, o que as levou a cometer erros en circulación e de cara ao aro, en defensa só concederon dous puntos e finalizaron o primeiro cuarto 15-2. No segundo mantívose a dinámica en ataque, pero Lourenzá soubo atopar mellores opcións na pintura para facer un parcial máis igualado e deixar o electrónico en 32-18 de cara á segunda metade.

As ensinistas romperon o encontro no terceiro cuarto, cun parcial de 29-4 que deixaba o partido sentenciado de cara aos últimos minutos, nos que seguiron ampliando a vantaxe ata o definitivo 77-27.

No resto de encontros da xornada derrotas para Ensino Galén ante Pontumio, CB Viveiro contra Baxi Ferrol, Franciscanos ante BBCA e Estudiantes, que caeu na pista de Tirso de Molina por un só punto, 53-52.

**1**

**ÚNICO TRIUNFO LUCENSE**
O Ensino Lugo foi o único equipo da Provincia que conseguiu gañar nesta xornada, tras impoñerse a Lourenzá no Anexo por 77-27


Nuria entrando na pintura tras superar a presión rival


Carolina, Ensino Lugo, ante a laurentina Carmen


Rebeca lanza a canastra por diante de Emma e Sandra

# Sagrado Corazón, único equipo invicto, lidera a táboa tras sumar o cuarto triunfo


Miguel, Ensino 05, presionado polo celeste Andrés Vila

**NUNHA XORNADA NA QUE TAMÉN GAÑARON** Estu 04 e Oral Design, os de Engroba subiron ao máis alto tras derrotar a Estu 05

Os de Engroba leváronse o duelo ante Estudiantes 05, nun encontro máis complicado do que se podería pensar pola posición da táboa dun e outro equipo.

Os celestes contaron nas súas filas cos infantís Bao, Brais e Serguei, e leváronse o primeiro cuarto basando o seu ataque neles. A partir de aí Sagrado subiu o nivel de intensidade defensiva e lograron darlle a volta ao marcador para irse catro arriba ao descanso, 36-32. Tralo intermedio o nivel dos dous equipos mantívose e Sagrado non conseguiu romper o encontro ata o último cuarto, no que grazas ao dominio do rebote conseguiron trenzar accións ao contraataque para ampliar a distancia ata o definitivo 77-65 que leva aos de Engroba ao máis alto da táboa.

No partido entre Celtas e Oral Design, cómoda vitoria para os sarriaos -30-89- que se fraguou xa na primeira metade grazas a unha forte defensa individual a toda a pista. O resultado de 13-47 ao descanso deixaba o partido visto para sentenza de cara á segunda parte.

O duelo capitalino entre Ensino 05 e Estudiantes 04 rematou coa terceira vitoria celeste en catro partidos. Os ensinistas, que acumulan dúas semanas sen gañar, descansan a próxima fin de semana e volverán á competición nun derbi de club contra Ensino 04.

### CADETE 2º DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ensino 05 – Estudiantes 04 | 51-67 |
| Celtas Foz – Design Sarria | 30-89 |
| Sagrado – Estudiantes 05 | 77-65 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 4 | 4 | 0 | 0 | 293 | 222 |
| DESIGN C.B. SARRIA | 4 | 3 | 1 | 0 | 344 | 173 |
| ENSINO LUGO 04 | 4 | 3 | 1 | 0 | 264 | 243 |
| ENSINO LUGO 05 | 5 | 2 | 3 | 0 | 300 | 347 |
| ESTUDIANTES 04 | 4 | 2 | 2 | 0 | 227 | 275 |
| ESTUDIANTES 05 | 4 | 1 | 3 | 0 | 257 | 289 |
| CB CELTAS FOZ | 5 | 0 | 5 | 0 | 240 | 376 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino 04 – Estudiantes 05
Design Sarria – Sagrado
Estudiantes 04 – Celtas Foz


Alfonso inicia unha xogada entre Fabio e David, Estu 04


Fabio busca un bo pase ante Jorge, Álex, Ramiro e Alfonso

# Franciscanos estrea a conta de vitorias

**AS COLEXIAIS** sumaron esta fin de semana o seu primeiro triunfo na competición tras derrotar a Baxi Ferrol R por dez puntos


Cecilia, Franciscanos, nun lance do encontro ante Baxi


Carla a piques de lanzar ante a mirada de Clara

**INFANTIL 2º DIV. FEMININO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| KFC BBCA – Ensino Galén | 66-33 |
| Franciscanos – B. Ferrol R | 78-68 |
| Stos. Sarria – Cidade | 77-36 |
| Agrasar Sarria – Pontumio | 14-64 |
| Baxi Ferrol S – CB Viveiro | 53-38 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BAXI FERROL S | 4 | 4 | 0 | 0 | 251 | 129 |
| STOS. C.B. SARRIA | 4 | 3 | 1 | 0 | 240 | 139 |
| ENSINO LUGO 06 | 3 | 3 | 0 | 0 | 237 | 122 |
| PONTUMIO | 3 | 3 | 0 | 0 | 176 | 67 |
| KFC BBCA | 4 | 2 | 2 | 0 | 220 | 236 |
| FRANCISCANOS | 4 | 1 | 3 | 0 | 177 | 269 |
| CB VIVEIRO | 4 | 1 | 3 | 0 | 138 | 231 |
| BAXI FERROL R | 4 | 1 | 3 | 0 | 219 | 257 |
| CIDADE DE LUGO | 3 | 1 | 2 | 0 | 137 | 170 |
| AGRASAR SARRIA | 3 | 1 | 2 | 0 | 106 | 151 |
| ENSINO GALÉN | 4 | 0 | 4 | 0 | 105 | 235 |

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Pontumio
Cidade - Agrasar Sarria
Ensino 06 - Stos. Sarria
Baxi Ferrol R - CB Viveiro
KFC BBCA - Franciscanos

Logo de empezar a temporada con mal pé e tres derrotas seguidas, as lucenses impuxéronse 78-68 a Baxi Ferrol R. A próxima fin de semana teñen a oportunidade de seguir coa boa xeira de resultados a domicilio ante KFC BBCA.

Tras iniciar a temporada con dúas vitorias, Saneamientos Sarria tropezou a pasada fin de semana contra Pontumio e perderon o ritmo de cabeza da táboa que marcan Baxi Ferrol S e Ensino 06, invictos ata a data. Pero o sábado as sarriás volveron á senda da vitoria no único derbi provincial disputado esta fin de semana, ante Cidade de Lugo, 77-36.

Co descanso de Ensino 06 esta xornada, Saneamientos ocupa agora a segunda praza, só por detrás de Baxi S, con catro triunfos noutros tantos encontros tras gañar na casa a Carferlo Viveiro 53-38. As mariñás viaxan a Ferrol de novo o próximo domingo para enfrontarse a Baxi R. Ambos equipos teñen un balance de unha vitoria e tres derrotas.


Carla correndo unha acción de contraataque

Ensino Galén segue adaptándose á competición e aínda non sumou ningún triunfo. Tras caer ante KFC BBCA por 66-33, a próxima fin de semana buscará estrear a conta de vitorias ante Pontumio, que ven de gañar no Novo Chanto a Castro Agrasar Sarria por 14-64.

Tras descansar esta xornada, Ensino 06 volverá á competición o vindeiro sábado no Anexo ante Saneamientos Sarria.


Cecilia fai unha entrada a canastra entre dúas rivais

# Tres conxuntos seguen a estela de Franciscanos

**OS COLEXIAIS SON LÍDERES** con cinco triunfos noutros tantos partidos. Podología Sarria, CB Ribadeo e Sagrado suman catro


Pi, Franciscanos, defendido polo viveirense Rubén


Nicanor trata de penetrar na pintura ante Martín e Bosco


Rubén trata de superar a presión a toda a pista de Pablo


O mariñao Rubén coa pelota defendido por Martín

A quinta vitoria para os de Ángel Rioboo chegou o pasado sábado no Anexo ante Carferlo Viveiro. Os capitalinos xogaron un partido cómodo de principio a fin, no que foron capaces de manter o bo nivel de concentración ao longo dos 40 minutos pese a que ao descanso o encontro xa estaba practicamente visto para sentenza tralos parciais dos dous primeiros cuartos, 23-4 e 19-5.

A próxima fin de semana os colexiais visitarán o Novo Chanto para enfrontarse a MGR Sarria, que aínda non coñece a vitoria. Carferlo Viveiro, pola súa banda, buscará volver á senda da vitoria ante Cidade, que tampouco está no seu mellor momento tras caer ante

**INFANTIL 2º DIV. MASCULINO 01**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sagrado – MGR Sarria | 58-6 |
| Franciscanos – CB Viveiro | 63-12 |
| Cidade Lugo – Ribadeo | 32-43 |
| Estudiantes – If Sarria | 15-67 |
| Ensino Galén – M. Burela | 29-74 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 5 | 5 | 0 | 0 | 319 | 200 |
| IF C.B. SARRIA | 5 | 4 | 1 | 0 | 315 | 172 |
| CB RÍA DE RIBADEO | 5 | 4 | 1 | 0 | 280 | 164 |
| A. X. SAGRADO | 5 | 4 | 1 | 0 | 285 | 95 |
| CIDADE DE LUGO | 5 | 3 | 2 | 0 | 240 | 187 |
| MARIÑA BURELA | 5 | 3 | 2 | 0 | 351 | 217 |
| CB VIVEIRO | 5 | 1 | 4 | 0 | 123 | 274 |
| ENSINO GALÉN | 5 | 1 | 4 | 0 | 127 | 320 |
| ESTUDIANTES | 5 | 0 | 5 | 0 | 141 | 325 |
| MGR C.B. SARRIA | 5 | 0 | 5 | 0 | 88 | 315 |

PRÓXIMA XORNADA

Burela - Sagrado
If Sarria - Ensino Galén
Ría Ribadeo - Estudiantes
CB Viveiro - Cidade
MGR Sarria - Franciscanos

CB Ribadeo por 32-43. Os mariñaos non lle queren perder a vista á cabeza da táboa tras perder a pasada fin de semana ante o líder, e recuperaron sensacións esta xornada nun encontro que se levaron grazas sobre todo ao sacrificio en defensa de todos os xogadores.

Academia A Mariña CB Burela sumou o seu segundo triunfo consecutivo tras impoñerse a Ensino Galén 29-74. Mentres que nos dous duelos de equipos da parte alta da táboa, Sagrado Corazón pechou o marcador ante MGR Sarria cun resultado de 58-6, e Podología Sarria fixo o propio ante Estudiantes no Anexo, 15-67.

**4**

**TRIUNFOS** para Podología Sarria, CB Ribadeo e Sagrado Corazón. Os tres conxuntos sitúanse detrás do líder, Franciscanos, e buscarán romper a súa imbatibilidade nos seus enfrontamentos directos

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes VICEPRESIDENCIA

# VOLEIBOL

## O ARENAL EMEVÉ 2020 PRESENTOUSE NO PAVILLÓN MUNICIPAL, onde o club capitalino deu a coñecer a todos os seus equipos. Máis de 300 xogadoras e xogadores forman a familia deste club referente no deporte lucense



O Arenal Emevé presumiu de estrutura na presentación dos equipos que competirán esta tempada nas categorías de base e sénior. Unha tempada máis, o club capitalino é un referente deportivo e conta con máis de 300 xogadoras e xogadores baixo o seu amparo.

O Pavillón Municipal congregou a todos os equipos na presentación oficial, na que as bancadas se encheron de familiares e simpatizantes que presenzaron a festa na que ademais se presentou á mascota do club, Txatifox.

En total, 39 conxuntos que se reparten nas diferentes categorías dende benxamín a sénior. Os máis pequenos están divididos en 8 equipos femininos e 3 masculinos. A categoría alevín, formada por 8 conxuntos femininos e 2 masculinos. A infantil consta de 5 grupos femininos diferentes e un masculino. As xogadoras cadetes repártense en 4 equipos, por un masculino. Outro ten a división júnior, e dous femininos.

No que respecta á categoría sénior. O Emevé compite na Liga Autonómica feminina e masculina, e na SuperLiga 1 Masculina e a SuperLiga 2 feminina, na que lideran a clasificación.

A Deputación Provincial de Lugo achega á entidade un total de 124.925 euros, nunha axuda de concorrencia non competitiva.







DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes VICEPRESIDENCIA